



Novembro 2005

Periódico labrego de información
técnica e sindical

Número de rexistro: 980635

T Á B O A

■ Galiza

As aves de curral son as máis seguras fronte á gripe aviaria

O Sindicato Labrego fixo público o seu malestar diante do alarmismo desatado coa posíbel chegada da gripe aviaria. Neste senso, denunciou que se defenda ás explotacións máis perigosas para posíbeis contaxios -as intensivas e industriais- e se demonice ás máis seguras: as que crían ao aire libre e con métodos labregos. **Páx. 7**

■ Viño

Touriño e Zapatero brindan en Galiza con viño d'A Ríoxa

Con motivo da súa visita a Galiza, o presidente Zapatero foi agasallado por Emilio Pérez Touriño cun xantar no que se serviron viños brancos de Rías Baixas e tintos de Ríoxa. Todo un detalle do presidente galego para cun sector esquecido dende hai anos pola Administración. **Páx. 10**

■ Agroecoloxía

O SLG pide ao Conselleiro o cesamento de Gabino Vázquez

O SLG decidiu instar á Consellaría de Medio Rural para que cese a Gabino Vázquez como presidente do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica despois de que ignorase as denuncias contra a súa persoa, e desprezase ao Parlamento Galego e ao Valedor do Pobo. **Páx. 11**



**SINDICATO
LABREGO
GALEGO
COMISIONS
LABREGAS**

Rúa Touro nº 21, 2º

Santiago de Compostela

Tlf. 981 554147 ; Fax 981 572570

e-mail: fouceslg@terra.es

www.sindicatolabrego.com

O SLG apoia as mobilizacións de COAG no Estado para esixir un gasóleo agrícola profesional

■ As outras organizacións agrarias que se conformaron o ano pasado coas esmolos do Ministerio, agora can da burra e convocan tamén manifestacións.

■ Polo de agora, xa se realizaron tractoradas en Aragón e As Palmas para demandar un combustible para usos labregos libre dos esaxerados impostos que gravan os carburantes. **Páx. 9**



Galiza e o SLG súmase ás manifestacións de toda Europa por un prezo digno para o leite

O pasado 19 de outubro, nove cidades europeas acollían manifestacións labregas para esixir un prezo digno para o leite no vello continente. Unha das cidades foi A Coruña, onde un milleiro de gandeiros e gandeiras secundaron a mobilización con-

vocada polo Sindicato Labrego Galego. O acto serviu, ademais, para denunciar a desidia do Ministerio de Agricultura á hora de facer cumprir o aprazamento da supertaxa, ou para advertir dos perigos das decisións da OMC. **Páxs. 2 e 3**



As demandas labregas chegan a Medio Rural, Industria e Igualdade

O Sindicato Labrego mantivo durante o mes de outubro numerosos encontros ao máis alto nivel coa Xunta para achegar as demandas dos labregos e labregas de Galiza. Entre esas xuntanzas destacaron as mantidas co Con-

selleiro de Medio Rural, Alfredo Suárez Canal; co seu homólogo de Industria, Fernando Blanco; e coa Secretaria de Igualdade, Carme Adán. En principio, acadáronse numerosos compromisos para o 2006. **Páxs. 5 e 13**

A Vía Campesina apoiará aos países do G 90 para facer fracasar á OMC

As negociacións no seo da OMC para liberalizar os mercados agrarios viviron en outubro un dos seus puntos álxidos. Polo de agora, semellan estar condenadas ao fracaso. A Vía Campesina xa decidiu apoiar ao G 90 para que non

caía diante da presión dos países ricos para asinar os acordos de decembro en Hong Kong. O SLG viaxou a Xenebra para apoiar as protestas contra a OMC e participar nos preparativos de oposición aos seus mandados. **Páxs. 8 e 9**



Un milleiro de persoas esixen un prezo mínimo para o leite en Europa

Mobilizacións como a organizada o 19 de outubro polo Sindicato Labrego aconteceron en varios países

Baixo o lema "Por un prezo mínimo para o leite en Europa: OMC fóra da agricultura", un milleiro de labregos e labregas, convocados polo SLG, esixiron o 19 de outubro n'A Coruña un prezo mínimo para o leite que cubra uns

custes de produción e que remunere dun xeito digno o traballo nas explotacións. Desta vez, o leite galego non estivo só: o mesmo reivindicouse en Suíza, Italia, Austria, Alemaña, Bélxica, Holanda, Dinamarca e Francia.

Nos últimos meses, o sector leiteiro galego sufriu fortes agresións que minaron de xeito alarmante a súa maltreira económica: as perdas como consecuencia da recente folga de transportes, a supertaxa, a nova baixada de prezos imposta polas industrias, a negativa do Ministerio de Agricultura a crear un gasóleo agrícola profesional libre dos abusivos impostos que gravan os carburantes, ou a falla de apoios ante as perdas da seca e as xeadas pola teima do Goberno central en excluír a Galiza das axudas para paliar estes danos.

Esta manifestación levaba dous meses organizándose, e tentou apoiar dende Galiza as protestas globais que se están a desenvolver contra a Organización Mundial do Comercio (OMC) que, nestes intreos, está negociando en Xenebra (Suíza) a liberalización dos mercados agrarios. Neste contexto, organizacións agrarias de Suíza, Austria, Italia, Fran-



Unha riada de paraugas asolagou as rúas coruñesas para esixir un prezo xusto para o leite

cia, Bélxica, Dinamarca, Alemaña e Holanda, xunto ao SLG, puxéronse de acordo

para iniciar mobilizacións este 19 de outubro esixindo un prezo mínimo para o leite

en Europa que garanta unhas rendas dignas para as explotacións.

Un paso máis nas demandas do leite europeo antes dunha posíbel folga de entregas

Organizacións agrarias de toda Europa, entre as que se inclúe o SLG, levan mantendo contactos dende hai anos para coordinar accións conxuntas na demanda dun prezo digno para o leite en todo o continente. Así, celebráronse encontros en Amsterdam e Hamburgo, tendo lugar o último deles en Billund (Dinamarca) o pasado 11 de xuño. As manifestacións de hoxe son un quecemento de motores diante dunha acción global que se está a planificar en caso de que as industrias non cedan ás demandas labregas: a primeira folga de entregas de leite a escala euro-

pea.

Por outra banda, as mobilizacións deste 19 de outubro fixéronse coincidir coas negociacións que se están a levar ao seo da OMC porque, de saír adiante a liberalización dos mercados agrarios internacionais que se está a negociar, arruinaríanse millóns de familias labregas en todo o mundo.

Dende o punto de vista galego, os acordos da OMC son unha grave ameaza que pode levar á destrución dun sector lácteo galego que, ademais das constantes agresións, segue a sufrir unha reconversión brutal por mor das políticas



A choiva constante non acalou o berro unánime dos labregos e labregas que se achegaron ata A Coruña para defender o seu

agrarias impostas dende a Unión Europea.

Neste senso, o SLG apoiou durante os últimos días as protestas que están levando a cabo en Xenebra por colec-

tivos sociais de toda Europa para protestar contra as políticas da OMC, e para participar no deseño de estratexias conxuntas de oposición contra ela.

SINDICATO LABREGO GALEGO
COMISIÓN LABREGAS

LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Rúa Touro nº 21, 1º. Tif. 981 588532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA - Rúa Padre Pardo nº24, 1º D
Tifno. 981 508 177
MUXÍA - Antiga autoescola Quintáns
CARBALLO
Rúa Río Sil nº 52, Baixo. 981 703169
MAZARICOS - Bar Jurjo
SANTA COMBA
Rúa Pontevedra, Tif/Fax. 981 880909
ORDES - Rúa Xeneralísimo nº 38, 1º
Tif. 981 682908
PONTE CARREIRA - Bar O Taxista
BETANZOS
Praza da Constitución nº 4, 1º.
Tif: 981 773377
SARRIA
Rúa Nova 60, entrechán. 939 274186
CURTIS
Av. do Xeneralísimo nº 64. 981 786654
MOECHE - Casa Luciano
AS PONTES - Rúa Balsa nº 28
O BARCO - Casa sindical
Tel. 988 321511 / Fax: 988326723
CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.
Teléfono: 630 970 131
O CARBALLIÑO, Casa sindical
Teléfono: 630 970 131
VERÍN
Travesía de Sousas nº 20, Galerías
Maga Tif. 988 590438; Fax 988 590439
RIBADAVIA
CIG Casa Sindical. Tif. 988477230
Fax. 988477230
XINZO
Casa Sindical Tif. 988 462547
TRIVES - CIG Casa Sindical
Teléfono 699 924 634
LUGO
Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tif. 982 231154
MONFORTE
Local da CIG en AISS. Tif. 982 403005
CHANTADA
Praza do Concello, baixos AISS
Tif/Fax: 982 462103
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO - Av. de Galiza nº20, 3º. AISS
Tif/Fax. 982 130615
LOURENZÁ
Av. da Mariña nº11, 1º. Tif. 982 121376
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.
Tif.982 512431
A ESTRADA - Capitán Bernal nº10, 1º
Tif/Fax 986 573232
AGOLADA - Bar Central
FORCAREI - Casa do Concello
MEIRA - Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño
Entrechán E. Tif/Fax: 982 331714
LALÍN -
Arenal nº1, ent 3. Tif. 986 782191
SILLEDA - Avenida do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526
TEIXEIRO - Rúa Martínez Pardo nº13,
1º esq / Tifno. 981 789 781
PONTEAREAS
R/ Darío Bugallal nº15, 1º. 986 641508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL - Rúa Ramón Franco, Edf.
Rosales. Tif. 986 625 394
O SALNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,
Ribadumia. Tif. 986 711825
VIANA DO BOLO Antigo centro de
saúde. Tifno. 629 621 047

“O Ministerio de Agricultura non fixo valer o compromiso de aprazar a superaxa”

As intervencións de Santiso e Senra denunciaron os incumprimentos do MAPA e as ameazas da OMC

Coa auga caendo a chuzos, iniciouse a manifestación ao redor das 12:30 horas, tomando como punto de partida os Xardíns de Méndez Núñez. Nin a choiva, nin o intenso tráfico das rúas coruñesas, acalaron o berro unánime do milleiro de labregos e labregas que se achegaron ata a cidade herculina para reclamar un prezo digno para o leite en toda Europa. Ao remate, con-

gregada a xente fronte á Delegación do Goberno, falárono o responsábel dos sectores gandeiros do SLG, Xabier Gómez Santiso; e a Secretaria Xeral, Lidia Senra.

Santiso centrou a súa intervención nos problemas que está a sufrir no día a día o sector lácteo. O responsábel dos sectores gandeiros do SLG criticou a contradición do Ministerio de Agricultura, que aplicou de xeito drástico a supertaxa, pero que se esqueceu de traballar para garantir uns prezos mínimos que garantan un soldo digno para os profesionais da gandería e que cubran os custes de produción. “Que mágoa que, en troques de gañarlle un peso a cada litro de leite, non lle gañásemos catro, pois así non habería produción excesiva, e teríamos o lombo máis descansado e a carteira máis chea”, chanceou o sindicalista.

O Ministerio de Agricultura estivo constantemente no punto de mira de Gómez Santiso, que acusou ao departamento de Espinosa de “incumplir a súa parte de responsabilidade” no problema da supertaxa “para converter as conversas coas organizacións sindicais en papel mollado”. Máis en concreto o secretario de gandería do Sindicato Labrego dixo que “nin o Goberno nin o Ministerio fixeron valer o seu compromiso no aprazamento da supertaxa, e contaron coa colaboración traidora do sector industrial”.

Quitando o negativo da campaña da supertaxa, Santiso destacou como avance o feito de ter “case garantido

que vai volver haber mesa sectorial para falar de prezos, de relacións comerciais, de custes de produción, e de necesidades para o sector grazas aos compromisos da Consellaría de Medio Rural”. Pola contra, a tan cacarexada mesa láctea estatal anunciada polo Ministerio “ficou en suspenso dende o pasado mes de maio”.

Xabier Gómez Santiso tamén arengou aos gandeiros e gandeiras presentes na manifestación para que influían coa súa voz e a súa forza, pois “tamén vai ser a nosa responsabilidade facernos valer para que esta mesa sirva para algo e para poder chegar a acordos que beneficien as rendas das



Gómez Santiso acusou ao Ministerio de Agricultura de non cumprir as promesas sobre o aprazamento da supertaxa

nas producións”.

Outra das demandas reivindicadas por Santiso para o sector foi a relación da “co problema da base territorial das explotacións”, e incidiu “na mobili-

dade das terras e a necesidade de producir alimentos para o noso gando a prezos asequíbeis”. Neste eido, tamén destacou os compromisos anunciados por Medio Rural.

Prezo mínimo, compensacións pola folga, gasóleo profesional e OMC fóra da agricultura

En canto a Lidia Senra, centrou a súa proclama en temas máis globais, explicando a razón pola que se escolleu o 19 de outubro para a mobilización: “porque estes días están reunidos en Xenebra os gobernos que forman parte da Organización Mundial do Comercio, e para nós é clave que as negociacións da OMC fracasen. Temos tanto interese en que estas negociacións fracasen porque nelas estanse cocendo medidas para seguir poñendo materia prima barata a disposición das grandes transnacionais -como leite, carne, viño, uvas e hortalizas- para que poidan facer o agosto nos mercados de todo o mundo afundindo as producións de cada país”.

Folga de transportes

A Secretaria Xeral do SLG tamén tivo palabras para a folga de transportes que estaba a padecer eses días o agro galego. Neste senso, comentou que “a política agraria comunitaria é tan fráxil que está en

perigo o abastecemento á cidadanía porque dependemos de camiões, de barcos, e de longos circuitos para o transporte de produtos agrícolas; e porque as políticas agrarias aplicadas ata agora pola Unión Europea, por parte de Madrid, e por parte do anterior goberno da Xunta, leváronnos a sacar os nosos produtos dos mercados galegos e a depender fortemente de producións foráneas e dos grandes circuitos de comercialización”.

Prezo mínimo do leite

En canto ao motivo central da manifestación, Senra reivindicou “un prezo mínimo para o leite en Europa, redistribución do dereito a producir en toda Europa, e que se lle poña fin ás axudas para exportar e ás esmolos que nos dan: queremos prezo, queremos vivir dos prezos. As axudas só as queremos para mellorar as nosas explotacións e para compensar as dificultades para vivir en periferia ou



Lidia Senra advertiu da ameaza de que as decisións da OMC afundan as producións agropecuarias de moitos países, incluída Galiza

en zonas desfavorecidas”.

Gasóleo agrícola profesional

Tamén esixiu “a creación dun gasóleo agrícola profesional”. Respecto deste tema, Lidia Senra afirmou que “o normal sería que puidésemos repercutir a suba do gasóleo nos nosos produtos, pero como iso non o poderemos facer ata que consigamos trocar a política agraria, queremos que a Ministra estableza un gasóleo profesio-

nal, que elimine o imposto especial sobre hidrocarburos e que reduza o IVE ao 7%”. Ademais, tamén pediu compensacións para cubrir as perdas que sufriron os diversos sectores agropecuarios do noso país.

Finalmente, lembrou as mobilizacións sectoriais que se fixeron no viño, e convocou a gandeiros e gandeiras as manifestacións en defensa do sector cárnico, e á do 15 de decembro contra a OMC.

Editorial

15 de decembro: manifestaci3n en defensa de prezos e salarios xustos, e dunhas condici3ns de vida dignas para labregos e labregas

As negociaci3ns que est3n tendo lugar no seno da Organizaci3n Mundial do Comercio (OMC) van ser transcendentais para o futuro dos labregos e das labregas de Galiza. A 3ltima oferta da Comisi3n Europea nestas reuni3ns consiste en reducir os aranceis (impostos cos que se grava o que v3n de f3ra da Uni3n Europea) para os produtos agr3colas. A reduci3n que ofrece a Comisi3n Europea ser3a dun 60% para os aranceis m3is elevados, e entre o 35% e o 60% para os aranceis m3is baixos. En caso de que os demais pa3ses da OMC acepten isto e se asine en decembro un acordo en Hong Kong, vai traer como consecuencia directa unha forte baixada dos prezos das nosas produci3ns, xa que a baixada dos impostos permitir3lle 3s grandes transnacionais colocar os seus produtos agr3colas nos nosos mercados a3nda moito m3is baratos.

No ano 1994, logo dun longo proceso de negociaci3n, os acordos acadados na OMC para a agricultura consistiron na obriga de importar de pa3ses terceiros, como m3nimo, un 5% do consumo interno de cada produto agr3cola, e na baixada dun 36% dos aranceis. Isto xa tivo efectos devastadores

para os labregos e labregas; efectos que, neste ano 2005, xa se te3en concretado en baixos prezos para todos os produtos (carne, leite, uvas, vi3o, verduras, etc3tera), e unha forte presenza de produtos de importaci3n nos mercados.

Como exemplo dos acordos de 1994 c3mpre salientar que, sendo a Uni3n Europea exportadora neta de carne, dende o 2004 pasou a ser deficitaria porque as modificaci3ns feitas na pol3tica para a carne de vac3n provocaron a desaparici3n de miles de explotaci3ns labregas. Tal e como est3n as cousas, 3 de prever que o sector non se recupere, pois dende a Uni3n Europea e dende os gobernos estase permitindo que grandes cebadeiros de becerros, aproveitando a reduci3n dos aranceis, se instalen en pa3ses terceiros para despois exportar carne barata 3 Uni3n Europea.

Un exemplo da pol3tica galega que se pode volver na nosa contra 3 a venda de semente da raza Rubia Galega para ao Brasil. O Sindicato Labrego xa denunciou esta cuesti3n diante do Conselleiro do Medio Rural para que retire os apoios da Administraci3n galega a este proxecto. Se isto contin3a, seguramente veremos como as zonas de mont3a, onde a produci3n de carne 3 fundamental para manter a actividade, seguir3n despobo3ndose; ao mesmo tempo que, nas cidades galegas e do Estado, a carne das nosas explotaci3ns ser3 substituída por carne de Rubia Galega do Brasil producida con *dumping* social (os custes laborais en Am3rica do Sur son m3is baixos que aqu3), con peor calidade para a sa3de (cebo industrial), e con altos custes enerx3ticos e medioambientais.

Non estamos facendo agoiros. Basta pensar s3o no "pemento de

Padr3n", que est3 sendo substituído en Galiza por "pemento de Padr3n" producido en Marrocos. No sector do vi3o, as grandes adegas de pa3ses da Uni3n Europea instalaron miles de hect3reas de plantaci3ns en pa3ses como Chile ou Sud3frica; agora atop3monos con que ese 5% do consumo interno de vi3o que a Uni3n Europea est3 obrigada a importar despraza aos vi3os do Estado espa3ol, de Francia, de Italia e de Portugal nos mercados europeos: emporiso houbo tantas dificultades na vendima e as est3 habendo agora para fixar prezos para as uvas.


O capital financeiro e multinacional est3 moi interesado en que nas negociaci3ns en Hong Kong acorden reduci3r os aranceis nun 46% de media, tal e como ofrece a Uni3n Europea para chegar a acordos. Pero para os labregos e labregas, e para a cidadan3a de calquera parte do mundo, especialmente na Galiza, inter3saselles manter a protecci3n arancelaria e o dereito a que cada pobo protexa e desenvolva o modelo agrario e alimentario m3is adecuado os seus intereses (Soberan3a Alimentaria).

"Un exemplo da pol3tica galega que se pode volver na nosa contra 3 a venda de semente da raza Rubia Galega ao Brasil (...) O pemento de Padr3n est3 sendo substituído en Galiza por pemento de Padr3n producido en Marrocos (...) O 5% do consumo interno de vi3o que a Uni3n Europea est3 obrigada a importar despraza aos vi3os do Estado espa3ol, de Francia, de Italia e de Portugal nos mercados europeos"

Neste intre estamos obrigados e obrigadas a contribuír con todas as nosas forzas a facer fracasar as negociaci3ns da OMC. O Sindicato Labrego Galego as3o entende; emporiso, convoca unha manifestaci3n en Santiago de Compostela para o 15 de decembro, coincidindo con mobilizaci3ns que acontecer3n ese mesmo d3a en todo o mundo.

O Sindicato Labrego Galego 3 unha organizaci3n s3o galega, pero quen de manter unha coordinaci3n a nivel europeo e mundial xunto a moitos mill3ns de labregos e de labregas para programar os mesmos d3as mobilizaci3ns en todo o mundo. Daquela, amais de manifest3rmonos en Compostela, estaremos presentes tam3n cunha delegaci3n en Hong Kong entre os d3as 10 e 19 de decembro, coincidindo coa fase final das negociaci3ns da OMC. Al3 participaremos e apoiaremos coa nosa presi3n e mobilizaci3n a sabendas de que o que ocorra ser3 fundamental para o noso futuro.

Por esta raz3n, o Sindicato Labrego Galego lle propuxo ao Conselleiro de Medio Rural que desprazara unha delegaci3n da Xunta de Galiza a Hong Kong para facerlle tam3n un seguimento ao cumio da OMC.



Industria comprométese a potenciar os produtos labregos nos mercados galegos

O primeiro encontro entre o SLG e esta Consellaría tamén acadou compromisos na loita contra os OXM

O primeiro encontro do Sindicato Labrego co novo Conselleiro de Industria, Fernando Blanco, saldouse cun resultado positivo e varios compromisos que favorecerán ao agro galego

en cuestións que competen a esta área de goberno da Xunta. Temas como a presenza de produtos labregos nos mercados de Galiza, o perigo existente por mor da proliferación de organis-

mos manipulados, ou a implantación das enerxías renovábeis nas explotacións, acadaron o visto bo de Blanco, que nun prazo breve as porá en práctica con accións concretas.



Lidia Senra achegoulle a Blanco varias demandas relacionadas coa súa Consellaría

A Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego, Lidia Senra, reuniuse o pasado 6 de outubro co Conselleiro de Industria, Fernando Blanco, para tratar varios cuestións referentes á realidade agraria do país que teñen que ver coas competencias desta área de goberno da Xunta.

No encontro tratáronse tres temas fundamentais: En primeiro lugar, Lidia Senra transmitiulle a Blanco a necesidade de que os produtos labregos poidan chegar mellor á cidadanía, potenciando os mercados locais e garantindo a súa presenza nos comercios de cada zona.

Outro dos temas importantes que se trataron foi a preocupación que existe no sector con respecto ás posíbeis consecuencias que poida traer o emprego indiscriminado dos produtos

transxénicos na alimentación animal. Neste senso, Senra denunciou ante o Conselleiro que, a nivel comercial, hoxe en día é case imposible conseguir pensos libres de transxénicos en Galiza. En principio, Fernando Blanco comprometeuse a tomar iniciativas dirixidas a que se informe de maneira axeitada á cidadanía galega sobre a realidade dos organismos manipulados.

Finalmente, pedíuselle a Blanco a implantación das enerxías renovábeis nas explotacións agropecuarias galegas, iniciativa que tamén foi ben acollida.

Lidia Senra valorou o encontro de xeito positivo, pois todas as demandas que se lle presentaron a Fernando Blanco foron escoitadas, comprometéndose o Conselleiro a iniciar en breve accións para concretalas.

Medio Rural asume unha demanda histórica do SLG e dotará de terra ás explotacións

O pasado 26 de outubro, catro membros da Executiva do Sindicato Labrego reuníronse co Conselleiro de Medio Rural, Alfredo Suárez Canal, para tratar con el cuestións xerais referentes ao panorama agropecuario e rural galego, e achegarlle as liñas básicas para iniciar un troco de dirección nas políticas agrarias da Xunta.

Na súa proposta de política agraria, o Sindicato Labrego Galego incidiu en moitas cuestións nas que leva anos traballando: a promoción dun modelo produtivo que teña como base a terra, a necesidade de convocar mesas sectoriais que debatan cuestións coma os prezos dos produtos agropecuarios ou as relacións de

compravenda, normalizar as relacións entre a Xunta e as organizacións agrarias, a importancia de que Galiza teña presenza nas negociacións da OMC en Hong Kong, ou o dereito a poder desenvolver actividades labregas libres de transxénicos.

Tamén pediu o SLG que se paralice a exportación de semente de vacún de raza Rubia Galega ao Brasil para defender os intereses das nosas explotacións cárnicas.

Suárez Canal adiantou que, no mes de novembro, a Consellaría de Medio Rural convocará mesas sectoriais do leite e do viño, amais dun novo encontro do Consello Forestal. A maiores destas medidas inmediatas, Canal tamén manifestou a vontade



Xosé R. Cendán, Lidia Senra, Pilar Guimarei e Pura Seoane representaron ao SLG no encontro

da súa Consellaría de crear as interprofesionais galegas.

En canto ás relacións coas organizacións do agro, o Conselleiro informou da intención de Medio Rural de disolver as cámaras agrarias provinciais. Neste senso, comprometeuse a facerlle chegar ao SLG o borrador de proposta da Lei do Consello

Agrario Galego, que será o órgano oficial que servirá de nexo entre a Administración e os labregos e labregas de Galiza.

Outro dos compromisos do Conselleiro foi o de traballar en garantir que en Galiza poida haber pensos libres de organismos xeneticamente manipulados.

Respecto ás medidas concretas nas que van ir callando as propostas do Sindicato Labrego Galego, a Xunta de Galiza incluírá unha partida nos orzamentos do 2006 destinada a políticas que faciliten o acceso das explotacións a unha base territorial suficiente para desenvolver a súa actividade.

O sector da castaña enfróntase a unha baixada de prezos e produción pola seca

O despoboamento do rural e diversas agresións condenan ao abandono dos soutos como fonte de riqueza

Esta ano, comezou a campaña da castaña marcada pola escaseza do produto. A seca foi a principal causante da mala colleita, xa que as choivas chegaron tarde e o froito non puído

medrar. A isto hai que engadir a incerteza sobre o prezo, xa que en xeral se esta pagando menos que nos últimos anos. Os produtores e produtoras de castaña non se senten optimistas

nestas circunstancias, pois prevén que diminuirán os seus ingresos. Por riba, os soutos, coma espazos de alto valor económico e medioambiental, están sufrindo unha forte regresión.

Este ano caracterízase por haber pouca castaña, pequena, cocosa e a un prezo máis baixo que anos anteriores, aínda que hai excepcións como a zona de Rubiá, onde houbo unha suba dende principio de campaña. Nesta zona empezouse a pagar a 60 céntimos o quilo, pasando despois duns días ata os 70. Noutras comarcas os prezos son mellores e están entre 1 e 1'20 euros, valor tamén inferior ao de outros anos.

Exceptuando a empresa Cuevas e Cia, non hai ningunha industria dedicada á transformación da castaña, vendéndose case toda en verde a través de intermediarios, que compran o produto para os almacéns, que a preparan para a súa venda. Soamente unha pequena porcentaxe de castaña se vende en seco. A castaña pequena sae fora de Galiza para ser transformada en fariña, marrón glacé, etcétera.

Tamén Inflúu negativamente a folga do transporte a comezos de campaña, xa

que a castaña véndese en fresco e ten que ser consumida nun prazo curto de tempo, sendo necesaria unha boa conservación.

O sector da castaña é unha importante fonte de ingresos no oriente ourensán, principalmente nalgúns concellos da comarca de Valdeorras, como tamén nos de Trives, Manzaneda, Viana do Bolo, Vilariño de Conso, A Gudiña, Riós, A Mezquita etcétera. Dada a importancia do sector, fanse necesarias medidas de actuación por parte da Administración encamiñadas a mellorar a produción, comercialización e, sobre todo, a transformación. Tamén cómpre pór en marcha políticas de recuperación de soutos.

A creación dunha denominación de orixe, ou algunha denominación de calidade específica, podería servir para canalizar a promoción do produto, sen esquecer que a propia Administración debe ser quen de promover a creación de asociacións de produtores.



Moitas bisbarras de Galiza viron seriamente minguada a súa produción de castaña este ano por mor da seca

O cultivo do castiñeiro ben pode ser un recurso produtivo cun considerable potencial que, concretamente nas comarcas devanditas, pode xogar un papel importante á

hora de buscar unha diversificación productiva, xa que estamos a falar dunha zona eminentemente vitivinícola, no caso de Valdeorras, e gandeiras as restantes.

Castañas, caza, madeira, mel, cogomelos e paisaxe

Cada vez préstaselle menos atención ao coidado dos soutos: demouca, arada, fertilización, etcétera, son actividades que se van deixando para limitarse só á recollida do froito. Moitos soutos perdéronse debido a enfermidades como a tiña e o cancro, ou aos lumes e ao despoboamento rural. Este ano arderon moitas hectáreas de castañeiro na zona de Monterrei.

A tiña e o cancro esixen un método de loita difícil, e estanse a investigar cepas hipovirulentas e clons resistentes. Estas doenzas son unha ameaza para unha grande fonte de riqueza, pois os soutos permítennos obter unha chea de recursos: castañas, madeira, cogomelos, mel, caza, e unha paisaxe característica que está en perigo de extinción.

OFERTA DE EMPREGO NO SLG

O Sindicato Labrego busca tres persoas para traballar en Ribadeo, Lugo e Betanzos. Incorporación inmediata

Requisitos:

- Licenciatura / Diplomatura de Ciencias Empresariais ou
- Licenciatura de Ciencias Económicas

As persoas interesadas deberán enviar o seu currículo con todos os datos académicos e teléfono de contacto ao enderezo electrónico slgnac@terra.es

O SLG esixe do Ministerio que asuma as perdas da folga de transportes

Diante da folga de transportes que afectou tan drasticamente á economía das explotacións labregas de Galiza, a Executiva do Sindicato Labrego Galego, reunida o 13 de outubro en Santiago de Compostela, acordou solicitar do Ministerio de Agricultura e do Goberno central a urxente posta en marcha de negociacións cos sectores afectados polo impacto da suba do gasóleo, nomeadamente agricultura, pesca e transporte.

A maiores, a Executiva do SLG tamén acordou esixir da Administración que arbitre as medidas necesarias para

evitar que as perdas económicas ocasionadas pola folga de transportes repercutan en labregos e labregas.

Para o SLG, a situación da economía labrega en Galiza sufriu un forte pao no mes de outubro, pois a agricultura e a gandería estaban e están sendo vítimas dunha insostible suba dos carburantes, que afecta directamente nun constante aumento dos custes de produción; e, ao mesmo tempo, padeceron de cheo as consecuencias da folga de transportes, ao non poder recollerse o leite nas explotacións nin poder circular a ali-

mentación para o gando en tanto non se garantiu a recollida nin o abastecemento destes produtos.

Ante desta situación, o SLG manifestou que non ía admitir, baixo ningún concepto, que as perdas provocadas pola folga de transportes repercuta nas explotacións labregas.

Ademais, aproveitou a ocasión para volver reivindicar diante do Ministerio de Agricultura a creación dun gasóleo agrícola profesional libre dos desmesurados impostos que o gravan, como a taxa de hidrocarburos ou un IVE do 16%.

A cría de aves de curral en Galiza é a de menor risco de contaxio coa gripe aviaria

A Administración erra ao prohibir galiñas en feiras ou cuestionando as explotacións avícolas ao aire libre

Europa enteira está a vivir unha auténtica psicose coa ameaza dunha pandemia de gripe aviaria que aínda non existe. O Sindicato Labrego Galego fixo pública a súa fonda preocupación polo enfoque que, desde as distintas administracións, se lle está a dar a esta crise, defendendo a un sector de cría intensiva e industrial que xa foi protagonista de abondosos escándalos alimentarios, e poñendo no punto de mira á cría de aves ao aire libre, a todas luces moito máis segura. Coma sempre, a Administración púxose da banda dos máis fortes.

De feito, as medidas acordadas até o de agora, como prohibir a venda de polos e galiñas vivos en feiras e mercados, non teñen razón de ser no noso país ao non existir ameaza de presenza do virus da influenza aviaria en Galiza. Así o confirmaba nunha rolda de prensa a Consellaría de Medio Rural, e tamén o Ministerio ao non incluír os humidais galegos como zonas ameazadas pola presenza de aves migratorias portadoras da enfermidade.

Daquela, e no caso galego, as prohibicións anunciadas só van contribuír a crear alarmismo entre a cidadanía, traendo como consecuencia inmediata a mingua das rendas de labregos e labregas que teñen na venda directa destes produtos unha fonte de ingresos complementaria.

Para o SLG, a Administración precipitouse ao condenar, precisamente, aos polos e as galiñas de curral que son, a todas luces, máis

sans e seguros que as aves procedentes de explotacións intensivas. Neste senso, temos sufrido escándalos alimentarios recentes como os polos con salmonelose da marca SADA ou, hai un par de anos, os polos belgas contaminados con dioxinas ou os portugueses con nitrofuranos. As aves criadas con métodos intensivos cébanse con alimentos cargados de antibióticos e hormonas, e son sometidas a un tremendo estrés para que acaden en a penas 45 días un peso para o que, en condicións normais de alimentación, precisarían un mínimo de cinco meses.

Ademais, unha boa parte dos animais criados e cebados nesas explotacións intensivas -a maior parte delas integradas en grupos empresariais como COREN ou SADA (pertencente ao grupo NUTRECO, creado no seu día pola British Petroleum)- proceden de criadeiros e incubadoras situados en zonas de risco. No caso de COREN, por exem-



As explotacións industriais e intensivas reúnen máis condicións para converterse en posíbeis focos de gripe aviaria

plo, traen as aves de Morón de la Frontera (Sevilla), con humidais próximos cualificados polo Ministerio entre os de alto risco.

Menos vixilancia nas explotacións perigosas

Porén, o SLG criticou que non se estea a deseñar un programa de alerta, precisamente, en torno a estas explotacións intensivas, que

son as que concentran a maior parte das galináceas e parrulos de consumo na Galiza, e nas que os animais -xa sexa antes da súa chegada, xa sexa camiño do matadoiro- percorren grandes distancias por estrada, podendo entrar en contacto co virus da influenza aviaria con moita máis probabilidade que os criados na casa.

O SLG esixiu, ademais, que

os controis veterinarios nesas explotacións, así como a primeira liña de inspección das posíbeis alertas sanitarias, deben recaer nos servizos sanitarios públicos, e non en controis e certificacións emitidos polas propias empresas que, normalmente, están máis preocupadas en salvar a súa imaxe comercial.

Non menos certo é que, de producirse a entrada de animais enfermos ou portadores do virus nas grandes explotacións intensivas, o problema sanitario cobraría maior dimensión e tería serias implicacións medioambientais, pois habería que proceder ao sacrificio e destrución de milleiros de animais en cada nave.

Por todas estas razóns, o SLG reclamou serenidade ás autoridades, e máis tino á hora de identificar as explotacións que de verdade poden ser un risco para a saúde pública en caso de que chegue a enfermidade á Galiza.

O Sindicato Labrego Galego participou o 28 de outubro nun encontro entre o Conselleiro de Medio Rural, Alfredo Suárez Canal, e as organizacións agrarias en Xinzo de Limia. A intención da xuntanza era a de acadar solucións para estabilizar e garantir a viabilidade do sector pataqueiro. O SLG aproveitou a ocasión para achegarlle ao Conselleiro a súa táboa reivindicativa.

Un dos compromisos que saíron do encontro foi o de iniciar un programa que permita, antes de que remate a presente lexislatura, que Galiza poida producir a súa propia pataca de semente sen necesidade de importala, e que unha parte importante das infraestruturas de regadío estean resoltas en verán de 2006.

Ademais, Suárez Canal

O SLG reclama accións para unha renda digna no sector da pataca

tamén dixo que se ía potenciar a Indicación Xeográfica Protexida con campañas externas de promoción, tentando pechar o ciclo produtivo en Galiza e estimulando procesos de transformación.

A maiores, o SLG pediu ao Conselleiro as seguintes medidas para o sector:

- Dar estabilidade ao sector da pataca, pois nestes intres atópase consolidado na bisbarra da Limia e non existen outras alternativas agrarias mellores. Esa estabilidade só pode vir a través de mecanismos que garantan uns prezos dignos para o produto que, en opinión do SLG, deberían consistir no desen-

volveremento de contratos homologados e na creación dun fondo compensatorio que os faga posíbeis.

- Outro dos temas nos que se incidiu foi na necesidade de que a Administración, cos seus propios recursos, se implique na produción de pataca de semente para o sector. Ata o de agora, a pataca de semente tróuxose, no meirande, de fóra e sen garantías de calidade.

- Tamén se lle pediu a Suárez Canal que mellore o control sobre a denominación Pataca de Galicia xa que, hoxe en día, se está a permitir a fraude cunhas normas de etiquetaxe de-

masiado permisivas.


- Actuar sobre a distribución para que non monopolicie o comercio da pataca. Cómpre regular as marxes de beneficio a favor do sector produtivo.

- Impulso de modelos de produción agraria máis sostíbeis nos que se diminúa ao tratamento con agrotóxicos.

- Retirada da orde de produción integrada de pataca redactada polo anterior Goberno da Xunta.

- Aumento da renda obtida a través da produción de cereal. Hoxe en día, a produción de cereais na Limia é obriga-

da para facer rotación de cultivos. Non embargante, os prezos do gran son raquícos e só compensan porque permiten cobrar subvencións. Neste senso, sería interesante acadar mellores prezos nos cereais como fonte de ingresos complementaria para as explotacións de pataca.



A Vía Campesina apoiará aos países do G 90 para facer fracasar á OMC

O SLG participou na manifestación de Xenebra e na organización das estratexias contra este organismo

O mes de outubro foi un mes de loita en varias fronteiras por parte do Sindicato Labrego Galego. Se na Galiza organizábase unha manifestación para pedir un prezo mínimo para o leite eu-

ropeo, en Xenebra (Suíza) unha comitiva sindical participaba nas mobilizacións contra a Organización Mundial do Comercio (OMC) e en varios encontros auspiciados pola Vía

Campesina e pola Coordinadora Labrega Europea (CPE) para organizar a loita labrega global contra este xigantesco organismo que traballa a prol dos intereses das multinacionais.

A comitiva que viaxou a Suíza en representación do SLG estivo integrada polo Secretario de Organización, Xoán Monasterio, e polo compañeiro Xosé Ramón Cendán, que amais de ser membro da Executiva do propio Sindicato Labrego, tamén o é da dirección da Coordinadora Labrega Europea (CPE). O traballo non lles faltou. Acabados de chegar na mañá do 15 de outubro, Cendán xa se reuniu coa Executiva da CPE, e Monasterio coa Delegación da Vía Campesina xunto a xentes de diversas organizacións da Península Ibérica e Europa, amais de Corea, México e Haití. Estes encontros tiveron lugar na aldea de Cartigny.

Na xuntanza da Vía Campesina debateuse longo e tendido sobre o papel que están a xogar as organizacións non gobernamentais (ONGs) na loita contra as negociacións que vai levar a cabo a OMC en Hong Kong en decembro deste ano. Segundo Xoán Monasterio "a relación é tensa entre a Vía Campesina e as ONGs, dado que estas queren atribuírse a representación das persoas desfavorecidas, incluíndo labregos e labregas, e negociar por eles no seo da OMC". Fronte a isto, Monasterio aclarou que Vía Campesina ocupa un espazo fundamental á hora de defender os intereses dos labregos e das labregas de todo o mundo, e que "está lexitimada para falar no seu nome, pois agrupa a douscentos millóns de persoas, polo que non queremos que as ONGs se atribúan a representación deste colectivo". Aínda así, o Secretario de Organización do SLG salientou que algunhas ONGs coinciden cos obxectivos da Vía Campesina a longo prazo, pero difiren na estratexia a seguir. A diferenza fundamental a este



Miles de persoas protestaron contra a OMC en Xenebra mentres esta se pechaba a negociar

respecto é que as organizacións non gobernamentais pensan que o marco axeita-

do para negociar é a propia OMC; mentres que as organizacións da Vía Campesina,

entre as que se atopan o Sindicato Labrego, existen que a agricultura e a ali-

mentación estean fóra de calquera decisión ou negociación da OMC.

A pesares destas diferenzas, hai ONGs coas que a Vía Campesina vai intensificar a súa relación e alianzas, como a Marcha Mundial das Mulleres, Amigos da Terra, a Rede de Soberanía Alimentaria, ademais de dúas organizacións de pescadores, movementos sociais de base, e outras relacionadas coa defensa dos pobos indíxenas.

O mesmo día da chegada, Cendán e Monasterio participaron nunha manifestación que reuniu a 3.000 persoas de diferentes colectivos vidos de todo o mundo para protestar contra a OMC, e que desenvolveu o seu percorrido entre a sede desta última e a da ONU. Sen tempo para o descanso, á noite celebráronse novas xuntanzas da Vía Campesina e da CPE.

Campaña contra a PAC: "Imaxina un mundo sen labregos e sen labregas"

Ao día seguinte, o 16 de outubro, celebrouse un Consello da CPE, no cal remataron por aprobarse sete puntos:

- A adopción dunha postura conxunta das organizacións da CPE diante do vindeiro encontro do sector lácteo en Austria.

- Realización de xuntanzas de organizacións da CPE que manteñan relacións de proximidade xeográfica durante o 2006, e intercalalas cos consellos e seminarios da Coordinadora para avanzar na estratexia e nas propostas de acción.

- No vindeiro Consello da CPE votárase a inclusión no regulamento da obrigatoriedade de que nas delegacións de dúas persoas asista, alomenos, unha muller.

- Apoio aos compañeiros e com-



Xoán Monasterio reunido en Cartigny xunto a compañeiros de organizacións d'A Ríoxa e Portugal

pañeiras da Confédération Paysanne (Francia) que van ser xulgados por arrincar millo transxénico.

- Chamamento as organizacións da CPE para que envíen xente ao Cumio da OMC de Hong Kong.

- Diante da problemática existente cos incendios en Portugal, vaise debater a posibilidade de crear unha

comisión de asuntos forestais dentro da CPE.

- Información sobre a Gripe Aviar.

O 17 de outubro, Xoán Monasterio e Xosé Ramón Cendán participaron nun seminario auspiciado pola CPE e a organización anfitriona, Uniterre, baixo o título "Os desafíos da OMC par aos labregos e labregas de Europa e do mundo: como facer que a soberanía alimentaria se traduza en feitos".

Neste evento plantouse a semente dunha campaña sobre a Política Agraria Común (PAC) no 2006 que empregará o slogan "Imaxina un mundo sen labregos e sen labregas". Desenvolverase unha campaña semellante en Estados Unidos, promovida pola National Family Farmers Coalition (Coalición Nacional de Familias Labregas, NFFC).

O director xeral da OMC, Pascal Lamy, tenta amordazar a disidencia labrega

Tralas últimas xuntanzas do 18 de outubro, as organizacións da CPE e da Vía Campesina decidiron traballar en ofrecer o seu apoio aos países pobres do chamado G 90 (grupo que integra, fundamentalmente, a países de África, e das áreas xeográficas do Caribe e do Pacífico) para facer fracasar as negociacións da OMC. Este apoio faise necesario, pois o G 90 está a recibir presións fortísimas dos países ricos para que asinen o acordo de Hong Kong en decembro. Neste senso, a Vía Campesina remitiralle en breve ao G 90 o seu posicionamento, amais de organizar unha concentración en Bruxelas co gaio da xuntanza que manterán alí estes países.

A decisión de apoiar ao G 90 tomouse despois de constatar que o coñecido como G 20, encabezado por Brasil e India, van a aceptar os acordos de Hong Kong. Tras unha entrevista co embaixador do Brasil, este deixou claro que o seu país ía ceder diante da OMC para poder colocar no mercado mundial as súas exportacións de produtos agrarios que, por certo, están controladas por multinacionais. Outro tanto vai facer a India a cambio de poder "exportar" aos seus traballadores máis cualificados.

Négaselles a voz a máis de douscentos millóns de labregos e labregas de todo o mundo

Finalmente, hai que salientar un feito que ilustra a maneira de actuar da OMC. O 17 de outubro, nun encontro entre o director xeral da OMC, Pascal Lamy, e organizacións sociais e medioambientais, negóuselle a entrada ao representante da Vía Campesina, Young Soo Lee, "por motivos de seguridade". O argumento para esta censura foi que nin o seu nome, nin o do seu tradutor, estaban na lista de participantes. Os representantes das ONGs rexeitaron solidarizarse con Vía Campesina, e asistiron igualmente á reunión. Ao final, no encontro non houbo ningún labrego nin labrega, cando nas negociacións da OMC a agricultura vai ser un tema fundamental. Tampouco se deixou entrar aos representantes do sector pesqueiro. Nun comunicado, a Vía Campesina expresaba a súa "rabia ás ONGs, que se nomearon a si mesmas portadoras da palabra dos pobres e dos labregos e labregas do mundo diante das institucións internacionais", e recoñecía que "este incidente é un exemplo concreto máis das tensas relacións entre a Vía Campesina e algunhas organizacións non gobernamentais".

O comunicado remataba dicindo que "a Vía Campesina é a voz lexítima dos pequenos labregos, campesiños indíxenas e traballadores rurais emigrantes. Durante moitos anos, os membros da Vía Campesina sufriron o impacto das decisións tomadas pola OMC, loitaron contra as súas decisións, e escoitaron as posturas dos países negociadores.

O 17 de outubro foi unha oportunidade perdida para que o director xeral da OMC, Pascal Lamy, escoitase a tres representantes deste movemento labrego mundial falar de asuntos como a emigración, a fame, ou a diferenza cada vez maior entre ricos e pobres. Tamén queríamos pedirlle a Lamy que non mercase a vontade dos pequenos países para poder ter acceso aos seus mercados, e que respectase o consenso se non chega a un acordo en Xenebra. Non embagante, o señor Lamy non se reuniu con nós e non puido escoitar esta mensaxe que viña de millóns de labregos e labregas de todo o mundo.



Pascal Lamy non quixo sequera escoitar aos representantes da Vía Campesina, que viñan falar en nome de máis de douscentos millóns de labregos e labregas

O SLG súmase ás protestas de COAG por un gasóleo agrícola

Xa houbo tractoradas en Aragón e As Palmas, e prevense en Sevilla e Murcia

O Sindicato Labrego Galego, seguindo o acordo de colaboración que ten asinado coa Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG), sumouse ás mobilizacións estatais convocadas por esta organización con motivo da suba nos prezos do gasóleo. O SLG está a estudar as accións que emprenderá para apoiar esta campaña.



Aragón foi a primeira comunidade que viviu as tractoradas de COAG polo gasóleo

A demanda dun gasóleo agrícola profesional é unha reivindicación que o SLG vén facendo dende o 2004 por mor dos problemas que a suba dos carburantes está a xerar para os labregos e labregas de Galiza.

Así, cando outras organizacións agrarias asinaron o ano pasado os acordos co Ministerio de Agricultura, conformándose cunha esmola de 10 céntimos por litro; o SLG e a COAG decidiron non asinar, posto que consideraban que esa axuda non era máis ca un parche insuficiente para un problema que é estrutural.

A finais do 2004, o Ministerio argumentaba que o prezo do petróleo baixaría durante o primeiro semestre de 2005, pero o gasóleo agrícola seguiu subindo.

Os problemas da suba do prezo do gasóleo agrícola non son só os directos do consumo da maquinaria agrícola nas explotacións. Afecta tamén aos prezos dos cereais e das forraxes que se traen doutras zonas do Estado para elaborar penso para o gando, e tamén no custe do transporte.

Esta situación viuse agravada no presente ano

As claves

■ **O problema:** A suba do gasóleo é imparábel e constitúe un problema estrutural. Hoxe págase o litro a 70 céntimos, cando en 1999 custaba 31 céntimos. Segundo a COAG, o sector agrario está a soportar un aumento do gasto en custes de produción que supera os 380 millóns de euros.

■ **Mobilizacións:** A COAG comezou, a finais de outubro, con tractoradas en Aragón e As Palmas. Ten previsto continuar con novos cortes de estradas o 9 de novembro en Murcia, e o 11 en Sevilla. De non haber resposta do Goberno antes do 25 de novembro, ameaza cun paro xeral.

■ **As demandas:** O que piden a COAG e o SLG é que se cree un gasóleo profesional agrícola exento do Imposto Especial de Hidrocarburos e cunha carga de IVE non superior ao 7% en troques do 16% actual.

2005 por mor da seca, xa que as explotacións tiveron que mercar máis insumos externos para alimentar o gando. Por se non abondase, o Ministerio de Agricultura deixou a Galiza fóra das axudas para paliar a carestía de auga.

Coa aplicación da reforma da Política Agraria Común (PAC), os prezos das producións agrarias polo chan, a suba continuada dos custes de produción, a aplicación da supertaxa xunto co pagamento da cota da reserva, a suba do gasóleo agrícola, ou a exclusión de Galiza das zonas susceptibles de percibir axudas

pola seca, este ano 2005 estase a converter nun dos máis aciagos para o sector agrogandeiro galego.

Para o Sindicato Labrego hai un culpábel claro: o Ministerio de Agricultura coa súa titular, a galega Elena Espinosa, á fronte. Esta política no só está demostrando unha incapacidade total para afrontar as crises e retos aos que se enfronta o sector, senón que está a ser a responsábel ministerial menos dialoante das que ten habido, pois é a única que, a día de hoxe, e a pesares das reiteradas peticións, aínda non recibiu ao SLG.

O Presidente Touriño despreza os tintos galegos en actos oficiais

No xantar de recepción a Zapatero serviron Rioja, denominación que ten colonizado o mercado galego

A visita a Galiza do Presidente Zapatero en outubro foi do máis desafortunada para o sector vinícola do país. No xantar de recepción que lle brindou Touriño servíronse viños da Rioja. Despois deste desleixamento, e

aproveitando a visita de ZP ás terras de Verín, o SLG facíalle chegar ao dirixente do PSOE unha carta na que denunciaba o abandono ao que a Administración condena a esta comarca ourensá con tanto potencial en agricultura.

O Sindicato Labrego Galego denunciou a actitude colonialista da Presidencia da Xunta con respecto dos viños galegos durante a recepción do Presidente do Goberno, José Luís Rodríguez Zapatero, o pasado 3 de outubro. No xantar oficial co que Touriño agasallou a Zapatero, para beber houbo brancos de Rías Baixas e tintos de Rioja.

Para o Sindicato Labrego Galego, a ausencia nun xantar oficial da Xunta de tintos de calquera das denominacións de orixe galegas, que contan con viños de calidade premiados en certames internacionais e que nada teñen que envexar aos caldos rioxanos, demostra un absoluto desprezo polos nosos produtos agroalimentarios que se fai máis ferinte, se cabe, por terse realizado en plena vendima.

Rioxa vende 18 millóns de botellas en Galiza

Precisamente, as denominacións de orixe galegas levan padecendo dende hai décadas unha falla absoluta en cuestións como a promoción e comercialización, feito que explica que, a pesares de termos avanzado moito na calidade, sigan sen venderse ben os nosos viños, cos conseguintes problemas en materia de prezos e recollida que sofren cada ano as explotacións na vendima.

Neste contexto, a actitude do Executivo galego é a pura expresión da colonización que sofre o noso mercado vinícola por produtos foráneos. Así, dos 26 millóns de botellas de viño con denominación de orixe vendidas en Galiza na anterior campaña, 18 millóns foron da Rioja.

Emporiso, o Sindicato Labrego Galego pediulle á Xunta que sexa a primeira



Touriño apostou por viños foráneos para recibir a Zapatero (fotomontaxe de Fouce)

en promover os nosos viños, non só con fortes campañas que deberá

asumir nesta lexislatura como unha materia pendente dos anteriores gobernos,

senón practicando co exemplo e apostando polo sector vitivinícola galego.

Carta a Zapatero para que apoie ao sector vinícola de Monterrei

Aproveitando a súa visita a Galiza, o Sindicato Labrego Galego entregoulle ao Presidente do Goberno, José Luís Rodríguez Zapatero, unha carta na que denuncia os graves problemas que padece o sector agrario na comarca de Verín: falla de relevo xeracional, envellecemento da poboación e éxodo da xente nova, ou os danos incalculables producidos polo lume.

Na misiva, o SLG incidiu na situación do sector vitivinícola da zona, con só 670 hectáreas amparadas na Denominación de Orixe Monterrei, das 3.000 de viñedos que hai na comarca; e tan só 16 adegas. Para este sector, e dentro das competencias do Goberno Central, o Sindicato Labrego reclamou, entre outras demandas, que non se asinen novos acordos de liberalización do comercio mundial de viño no seo da OMC, xa que sería nefastos para as producións vinícolas labregas; que apoie unha reforma da Organización Común de Mercado do Viño dentro da Unión Euro-

pea orientada a apoiar os viños elaborados por adegas labregas; que as leis de seguridade alimentaria non impidan o desenvolvemento da venda directa do viño; ou que o plan estratéxico do viño que está elaborando o Ministerio de Agricultura dea un apoio decidido a comarcas como as de Monterrei, onde hai un déficit no coñecemento e promoción dos seus viños.



Xosé Manuel González Vilas fixolle chegar a carta de Monterrei a Zapatero (fotomontaxe)

O SLG defenderá con firmeza un prezo mínimo para uva albariño de 1'20 euros

O Sindicato Labrego amosou a súa disconformidade con criterios adoptados por varias adegas de Rías Baixas, que pagaron a uva nesta campaña entre 80 céntimos e 1,10 euros o quilo. Este criterio non foi o que se acordou nas distintas mesas do viño realizadas ata o momento, polo cal o SLG protestou para que se cumprisen os acordos da mesa do viño do 14 de setembro, a cal foi convocada de forma extraordinaria tras as presións do Sindicato Labrego, que xa tiña convocado mobilizacións.

Nesta mesa do viño acordouse, segundo se desprende da comunicación elaborada pola Consellaría do Medio Rural, "...facer o intento de recoller toda a produción, nunca por debaixo dos prezos do ano pasado; manter aberta durante toda a vendima unha mesa de seguimento e, sempre que se manteñan os acordos, o compromiso de sentarse ao final da campaña para falar do futuro". Este acordo non o tivo presente a industria elaboradora, pois mercou case toda a uva da DO entre 80 e 90 céntimos o quilo de Albariño. De aí o malestar de moitos viticultores, que manifestaron atoparse nunha situación na cal o prezo da uva estaba a situarse por debaixo dos custes de produción, obrigando a moitos a un abandono masivo do cultivo da vide de xeito inmediato.

Emporiso, o SLG defendeu o acordo e un prezo mínimo para o quilo de uva Albariño de 1'20 euros máis IVE, o cal se pode considerar como o valor de referencia da campaña pasada, e do cal non se debe baixar para toda aquela uva que dispoña da calidade mínima esixida. Esta será a postura que defenderá o SLG nas mesas do viño previstas para novembro.

O SLG mantívose firme ao defender ao sector produtor, e de denunciar publicamente a aquelas adegas que non se ativeron ao acordo marcado. Ademais, o SLG fixo en outubro unha intensa campaña de asembleas para manter ao sector informado.

O SLG pide ao Conselleiro o cese de Gabino Vázquez á fronte do Craega

O presidente do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica fixo caso omiso das recomendacións do Valedor

En maio do 2005, a vocal do SLG no Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica (Craega) interpuxo un recurso de alzada -é dicir, unha denuncia- ante a Xunta polo funcionamento anómalo deste organismo. O SLG

recorreu a este extremo tras aturar tres anos de irregularidades. Como isto non lle abonou ao presidente do Craega, Gabino Vázquez, o SLG pediu o seu cesamento ao Conselleiro de Medio Rural.

No mes de novembro de 2003, cando ía cumprirse un ano de funcionamento do Craega dende as súas primeiras eleccións, xa se acumulaban suficientes indicios como para presentarlle a primeira queixa contra o Craega ao Valedor do Pobo.

A razón fundamental desta queixa foi que o Craega carecía, e segue a carecer, dun regulamento interno de funcionamento que deixaba desprotexidas ás persoas inscritas e que limitaba as actuacións do consello regulador. Tamén se denunciou que a vocal do SLG, Ágatha Bröskamp, non tiña acceso nin ás actas dos plenos, nin a ningunha documentación dos temas que se debatían nestes. Deste xeito, no Craega aprobáronse, co voto en contra do SLG, orzamentos, regulamentos, actas, etcétera, sen que ninguén puidese ler detidamente o que se aprobaba. Ademais, denunciouse que as xuntanzas do Craega non tiñan a regularidade trimestral que lles correspondía.

Outras irregularidades que tamén se denunciaron foron a toma de acordos sen estar presentes o número mínimo de persoas na xuntanza, ou a asunción de funcións por parte do secretario que non lle competían. Ademais, tamén se teñen realizado accións que, sen ser ilegais,



Gabino Vázquez despreza as denuncias do SLG ou os requirimentos do Valedor e do Parlamento (fotomontaxe)

entorpeceron a participación da vocal do SLG: convocatorias de plenos que chegan só coas 48 horas legais de antelación, ou a actitude hostil e os ataques verbais continuas a Ágatha Bröskamp. A pesar disto, a vocal do SLG participou en todos os plenos dende que foi elixida.

Todo isto deu lugar a que dous informes do Valedor

do Pobo lle desen a razón á vocal do SLG, e remitíronlle un "Recordatorio de deberes legais" ao Craega. Por se non abundase, unha comisión do Parlamento Galego emitiu unha resolución na que se instaba á Xunta a resolver esta situación irregular. Nin que dicir ten que o Craega fixo non lle fixo ningún caso ao Valedor do Pobo.

A Xunta admite as denuncias por silencio administrativo

As presións deron lugar a que o Craega se vise na obriga de elaborar un borrador de regulamento interno que, dende a propia Consellaría foi cualificado de "impresentable".

Nembargantes, a cuestión do acceso ás actas e documentación do Craega seguía -e segue- sen resolverse. Nos últimos días de xaneiro, a vocal do SLG solicitou por escrito que se lle dese acceso a determinada documentación. Non tendo recibido resposta, en maio presentou o devandito recurso de alzada diante da Consellaría, daquela aínda chamada de Política Agroalimentaria, reiterando o solicitado. A Consellaría pediulle entón ao Craega un informe.

Dende aquela pasaron tres meses, e o SLG aínda non recibiu contestación da Consellaría. Iso supón o que, en termos xurídicos, se coñece como "silencio administrativo", o cal significa que se estima o recurso presentado. Iso foi o 5 de setembro, data na que o SLG, entendendo que a Consellaría aceptaba as denuncias, solicitaba que entregase a documentación que se lle pedira.


Xornadas de agricultura ecolóxica e permacultura o 30 de novembro

A próxima visita de formación en agricultura ecolóxica organizada polo SLG será en Tanquián, en Pantón (Monforte de Lemos), o 30 de novembro. Será unha visita a unha iniciativa un pouco diferente, xa que ata de agora sempre se visitaron experiencias onde a agricultura ou a gandería -xunto coa venda directa nalgúns casos- constituían a actividade principal da persoa visitada (o cal non significaba sempre que fora a única fonte de ingresos).

Nesta ocasión trátase dunha explotación onde hai un pouco de todo: horta, animais (porcos celtas, galiñas, cabalos, etcétera), froiteiras ou cereais. En total, máis de seis hectáreas manexadas onde producen para autoabastecemento, vendendo algúns excedentes en forma de conserva. Nesta explotación non teñen selo de ningún tipo, e combinan a agricultura con outras actividades económicas non agrícolas pero que se desenvolven na propia explotación (imparten clases, comidas, aluguer de cabalos, etcétera).

Pola mañá visitarase a finca, despois haberá xantar na mesma explotación preparado con produtos propios por con produtos propios Emili e Paul. Trala comida, ambos falarannos da súa experiencia coa agricultura ecolóxica e a permacultura.

O xantar non está financiado e custará 10 euros. Todas as persoas que estean interesadas en asistir a estas xornadas deben apuntarse nos teléfonos 699 963 270 ou 981 554 147 antes do 28 de novembro. Cómpre inscribirse coa suficiente antelación para que se fagan as previsións pertinentes en canto á comida necesaria e para organizar o transporte.



Reincidencia no pleno de setembro

A pesares disto, o Craega non deu contestación ningunha. Non embarcante, o 16 de setembro, Ágatha Bröskamp recibía do servizo xurídico da Consellaría de Medio Rural parte da documentación solicitada, entre ela as actas dos plenos de 2003 e 2004, para formular alegacións.

O feito de que a Consellaría de Medio Rural remitise toda esa documentación, foi interpretado polo SLG

e por Ágatha Bröskamp, coma un signo claro contra a teima do Craega de negarlle reiteradamente documentos á vocal do sindicato. A pesares disto, no pleno de setembro volvéronse repetir feitos semellantes aos denunciados: Ágatha Bröskamp non tivo acceso a ningún documento.

Para o Sindicato Labrego esta foi a pinga que colmou o vaso. Visto e comprobado que o presidente do

Craega, Gabino Vázquez, despreza as accións legais emprendidas contra el, decidiuse dar paso a accións de tipo político. Nunha xuntanza entre membros da Executiva do SLG e o Conselleiro de Medio Rural, Alfredo Suárez Canal, celebrada o 26 de outubro, pedíase ao político do BNG o cesamento de Gabino Vázquez como presidente do Craega. Agora, a pelota está no tellado da Xunta.

Mulleres do SLG viaxan a Austria e Teruel para compartir experiencias

As viaxes foron promovidas pola Deputación d'A Coruña e pola Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego

No mes de outubro, as afiliadas do Sindicato Labrego botaron a mochila ao lombo e viaxaron a Austria e a Teruel. A primeira das viaxes estaba organizada pola Área de Servizos So-

ciais da Deputación d'A Coruña, xestionada polo BNG e presidida pola deputada Margarida Sánchez Veras, e tivo por obxectivo coñecer de preto diversas experiencias agrogandeiras

rendíbeis sen precisar de grandes investimentos. A segunda motivouna a participación do SLG nas XIII Xornadas das Mulleres da COAG. Velaquí un álbum de fotos para o recordo.



Un grupo de afiliadas do Sindicato Labrego Galego coñeceron distintas posibilidades de produción agraria, de transformación de alimentos e de comercialización no marco da viaxe organizada pola Deputación da Coruña a Austria este mes de outubro. Un dos aspectos que máis lles chamou a atención ás labregas foi existencia nas propias explotacións agrarias de pequenas infraestruturas para a transformación de produtos, construídas de xeito sinxelo e con moi poucos investimentos, instalacións de matadoiros caseiros, obradoiros para elaborar pan e pastas na propia explotación, expendedores de leite fresco, queixerías, prensas para sidra, etcétera. As labregas e labregos austríacos explicáronnos como a través destes recursos sacan máis diñeiro das súas producións, venden no seu contorno a maioría, e obteñen unha maior estabilidade nos prezos e rendibilidade.

✈ Austria



As labregas que participaron na viaxe da Deputación pertencen a distintas zonas da provincia da Coruña e teñen diferentes orientacións productivas: leite, carne, hortalizas, polos, etcétera. As distintas posibilidades de reducir custes nas producións foi outra das cuestións que máis interese suscitou. Visitaron varias explotacións lácteas que non compraban absolutamente ningún tipo de concentrado, dado que tiñan implantado un sistema de produción de cereais (trigo forraxeiro, aveia, etcétera) e de forraxes perfectamente estudado para cubrir todas as necesidades nutricionais das vacas.



Un grupo de mulleres da Secretaría das Mulleres do SLG participou no XIII Encontro de Mulleres da Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG) realizado en Teruel. A Secretaría das Mulleres tivo unha participación activa, representada na persoa da Secretaria Xeral Lidia Senra, na mesa redonda que se desenvolveu co título "As mulleres no sector agrario europeo".

🚗 Teruel



Posteriormente, participamos en obradoiros nos cales se abordaba a Unión Europea desde un punto de vista social, cultural e económico; onde as mulleres labregas galegas participaron activamente, dando a coñecer a nosa realidade.



Tamén houbo unha exposición de produtos agrarios labregos das nosas casas.

A Secretaria de Igualdade coñece da man do SLG as demandas das mulleres labregas

O encontro aproveitouse para denunciar a exclusión das labregas nas axudas por ter fillos ou fillas ao cargo

A responsábel da Área das Mulleres do SLG, Isabel Vilalba, e a máxima representante da organización, Lidia Senra, mantiveron o pasado 5 de outubro unha xuntanza coa Secretaria Xeral de

Igualdade, Carme Adán, para coñecer de preto as liñas de actuación da súa área de goberno no que afecta ás labregas: a cotitularidade nas explotacións, a atención á infancia, a

cuestión sanitaria, ou os centros de información á muller no medio rural. Ademais, denunciouse un problema de recente actualidade: a exclusión das labregas nas axudas por fillos e fillas.

Vilalba e Senra déronlle a coñecer á Secretaria de Igualdade as principais reivindicacións do Sindicato Labrego neste eido, relacionadas con problemáticas como a cotitularidade nas explotacións, a atención á infancia, a cuestión sanitaria, ou os centros de información á muller no medio rural.

O encontro serviu tamén para falar dun problema de plena actualidade relacionado co cobro da axuda de 100 euros por fillo ou filla menores de tres anos para mulleres traballadoras. Lidia Senra e Isabel Vilalba denunciaron ante Carme Adán que se lles está a denegar esta axuda a algunhas mulleres labregas de Galiza só porque ao non ser elas as titulares da explotación agraria, senón os seus compañeiros, non figuran como primeiras declarantes no Imposto da



Adán comprometeuse a buscar solucións para os problemas presentados por Senra e Vilalba

Renda (IRPF) cos ingresos da explotación. Trátase de mulleres traballadoras que

cotizan á Seguridade Social Agraria, que teñen fillos ou fillas na franxa de idade de

referencia ao cargo e que, mesmo, chegaron a cobrar estas axudas por reunir to-

dos os requisitos para acceder a elas. Agora, atópanse coa sorpresa de que a Axencia Tributaria lles denega esa axuda e lles pide a devolución das anteriores porque é o cónxuxe quen figura como primeiro declarante no IRPF.

Nas explotacións agrogandeiras de tipo familiar de Galiza, nas que traballan os dous cónxuxes, a maioría das veces o titular é o home e a atribución das rendas agrarias fáiselles aos titulares masculinos.

En relación con este tema, Carme Adán comprometeuse a poñerse en contacto coa representante da Secretaría de Estado para a Igualdade do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, para ver de solucionar esta problemática, que de manterse significaría que ás labregas, na práctica, se lles negaría este tipo de axuda.

Encontro anual da Secretaría das Mulleres do SLG en Quiroga

Celebrase entre o 25 e o 27 de novembro e está aberto a todas as afiliadas

Os vindeiros 25 (día internacional en contra da violencia que afecta ás mulleres), 26 e 27 de novembro terá lugar en Quiroga (Lugo) o encontro anual das mulleres do Sindicato Labrego Galego. Durante estes días, realizarase unha análise completa das actividades levadas adiante pola Secretaría das Mulleres do SLG no último ano: actividades formativas, análise dende o punto de vista da cuestión de xénero dalgunhas lexislacións, viaxes de intercambio, traballo nas comarcas, etcétera.

Nas xornadas dedicaráselles un apartado especial a estudar as repercusións que para as mulleres

labregas ten o modelo agrícola das explotacións que se coñeceron durante a viaxe a Andalucía de abril, así como as alternativas de produción e comercialización que algunhas afiliadas do SLG puideron descubrir durante na viaxe organizada pola Deputación da Coruña a Austria.

Por outra parte, realizarase un debate sobre as propostas e os contactos realizados pola Secretaría das Mulleres na nova administración galega en relación con temas como a cotitularidade das explotacións agrarias; os servizos sanitarios, educativos, de coidado da infancia e das persoas maiores; etcétera.

Outros puntos da axenda

destes encontros será un obradoiro sobre a condición de ser mulleres; amais de varios espacios dedicados a analizar o borrador da Lei de Orientación do Desenvolvemento Rural e da Agricultura e a realización de propostas sobre a mesma, a explicación dos principais aspectos do acordo sobre encadramento e cotización á Seguridade Social dos traballadores e traballadoras agrarias por conta propia, ou a Lei de non-violencia.

O programa de actividades completárase cunha visita para coñecer a comarca de Quiroga, única en Galiza na que segue a elaborarse aceite de oliva.

Haberá servizo de gardería



A Xuntanza en Quiroga dará continuidade ás xornadas que se celebraron a finais do ano 2004 en Allariz

para que as mulleres poidan asistir e levar os seus nenos ou nenas. Para poder concertar todo isto, así como o desprazamento, o aloxamento e a manutención, precisamos

que todas as mulleres que estean interesadas en participar o comuniquen o antes posíbel na oficina do Sindicato Labrego Galego da súa comarca.



Os riscos derivados das condicións climáticas e do medio natural

1. LÓSTREGOS, XEADAS E INSOLACIÓNS

1.1. Riscos derivados da calor

A actividade física do home xera unha calor que o propio organismo acumula. A magnitude desa calor pode ser importante no caso de que a persoa en cuestión realice unha actividade física intensa e, no referente á capacidade de agredir á integridade do organismo.

Esta calor de orixe interna non se diferencia da que provén do entorno. Cando se pretende analizar o risco para a saúde derivado dunha situación agresiva, a agresión debe ter en conta as características térmicas do ambiente e a intensidade do traballo realizado.

Medidas preventivas

- Beber con frecuencia auga ou calquera bebida sen alcol e tomar ben sal nas comidas.
- Manter a pel sempre limpa para facilitar a transpiración.
- Cubrir a cabeza cun pucho cando se traballe ao sol.
- Breves descansos cada dúas horas, tomando algún alimento e bebendo auga.
- En caso de insolación ou de esgotamento por calor, chamar ao médico. Mentres chega, levar ao afectado a un lugar sombrizo e fresco, darlle auga con algo de sal, afrouxarlle a roupa, e pórle compresas frías na cabeza.

1.2. Riscos derivados do frío

A exposición ao frío intenso, aínda breve, pode producir conxelación. A conxelación localízase, preferentemente, na periferia do corpo, sendo as zonas máis afectadas as meixelas, o nariz e as orellas, xa que o rostro non adoita a cubrirse. Os dedos de mans e pés poden sufrir conxelación.

Outra forma de lesión local por frío é o pé de trincheira por exposición crónica ao frío, o cal se ve agravado con calzado axustado.

A máis grave consecuencia da exposición ao frío é a hipotermia, que consiste na perda de calor corporal. A diminución da temperatura cerebral produce confusión, incoordinación, incapacidade para manter o ritmo de traballo e letarxia. En casos extremos, pero raros, pode sobrevivir a morte. O risco da exposición ao frío depende

de dúas variábeis: a temperatura do ar e a velocidade do vento. Canto máis baixa sexa a temperatura e máis alta a velocidade, máis risco.

Medidas preventivas

- A mellor medida é utilizar roupa de abrigo e luvas. Pés e a cabeza son as partes do corpo máis expostas ao frío.
- Manter os pés enxoiados e protexidos con calzado de abrigo e impermeábel.
- Protexer a cabeza cun pucho de la ou outra prenda semellante.
- Ante síntomas de conxelación:
 - Levar ao accidentado a un lugar morno e abrigalo.
 - Avisar ao médico.
 - Darlle bebidas quentes con azucre, pero sen alcohol.
 - Evitar quentar a zona conxelada.
 - En caso de que aparezan bochas, deben vendarse.

1.3. Medidas ante lóstregos

- Nunca situarse embaixo ou preto dun tendido eléctrico, xa que hai grave risco de electrocución.
- Non circular co tractor e evitar situarse en lugares elevados.
- Non goremse baixo unha árbore illada, nin en covas húmidas, nin xunto a cursos de auga, nin preto dun

aramé.

- Resgardarse en masas mestas de árbores, dentro dun automóbil pechado ou en edificios con pararraios.
- Nunha cabana, é conveniente pechar ben as portas e xanelas para evitar as correntes de ar, xa que o ar ionizado pode producir descargas eléctricas.

As características do medio no que labregos e labregas realizan a súa actividade fan que existan algúns riscos asociados a elas, podendo clasificarse este tipo de riscos en

función de dous criterios: Riscos derivados das condicións climáticas; e riscos derivados do contacto con animais do medio no que se realiza a actividade.

2. MORDEDURAS, PICADURAS, ARAÑAZOS E OUTROS ENCONTROS POUCO AGRADÁBEIS

Estes episodios seguen sendo causa de accidentes no sector agrario, aínda que podería afirmarse que son riscos que están en vías de desaparición, en boa medida polos cambios que se produciron na realización dos labores agrícolas (mecanización) e polas melloras que se produciron na vestimenta utilizada polos agricultores/as e gandeiros/as.



2.1. Mordeduras de cans, gatos

É posíbel que o animal que mordeu teña a rabia, sobre todo si se trata dun can ou gato vagabundo.

En caso de mordedura, procederase da forma indi-

cada no apartado de zoonose.

En calquera caso, terase que lavar a ferida con auga e xabón e aplicar entón un antiséptico adecuado.

2.2. Mordedura de víbora

O veneno inoculado pola víbora a través dos seus cairos, actúa sobre o sistema nervioso producindo fortes dores seguidos de parálise de membros, cegueira, xordeira, etcétera.

En poucas ocasións unha mordedura de víbora produce a morte dunha persoa adulta, pero si que pode provocala nun neno. En calquera caso hai que actuar apresura, hai que avisar ao médico o máis rapidamente posíbel.

Mentres chega este, deben adoptarse as seguintes medidas:

- Aplicar un torniquete máis enriba da mordedura, para evitar que o veneno se difunda polo organismo.
- Cunha navalla, ou calquera outro instrumento cortante, practicar un corte en forma de X sobre cada unha das marcas que deixan os cairos da víbora.
- Succionar sen temor, aplicando repetidamente a boca sobre os cortes feitos coa



navalla, cusbindo a continuación o sangue e o veneno extraídos.

■ Lavar entón as feridas con auga osixenada e, si se tivese a man, pór sobre elas xeo esmiuzado. Despois hai que vendar a ferida.

2.3. Picaduras

■ **CARRACHA:** As enfermidades asociadas ás carrachas prodúcense especialmente en zonas poboadas de cervos, raposos e outros mamíferos salvaxes. Tamén se poden atopar nos cans. É conveniente sacar as carrachas inmediatamente e manter a pel cuberta.

■ **ALACRÁN:** Este animal inocula un potente veneno que produce convulsións e colapsos, sobre todo se o afectado é un neno. Debe avisarse ao médico o máis rapidamente posíbel; mentres chega, actuar exactamente igual que no caso da mordedura de víbora.

■ **ARAÑA:** As picaduras de araña non son en principio moi dolorosas, pero entón producen unha forte sensación de prído. Se non son tratadas producen, ao cabo

dun tempo, uns vultos vermello que acaban por se transformar en pústulas.

Recoméndase practicar un corte sobre a picadura e deixar que a ferida saque para que se produza unha limpeza de forma natural. Despois, desinfectarase a ferida con auga osixenada.

En casos extremos pódense presentar colapsos e perda de coñecemento, polo que non está de máis acudir ao médico cando se produciu unha picadura de araña.



■ **AVÉSPORA E ABELLA:** Trátase dun tipo de picadura moi dolorosa. Unha soa picadura carece de importancia. Moitas picaduras de abella producidas á vez, poden causar a morte. Nos casos de picaduras múltiples producidas por un enxame, debe mergullarse á persoa afectada nun baño de auga fría con bicarbonato durante 15 minutos, para despois envolvelo nunha manta e levalo urxentemente ao hospital.

¡¡¡LEMBRA!!!

As picaduras e mordeduras son especialmente perigosas en persoas que padecen ou teñen padecido afeccións alérxicas e enfermidades do corazón.

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

Encintadora de carro en Labrada, Abadín (Lugo).
Chamar ao 616 118 635

Véndese

Equipo completo de calefacción para invernadoiro, con xeradores de aire. En Celanova (Ourense).
Preguntar por Xulio no teléfono 605 400 351

Véndese

Colmeas.
Chamar ao 689 752 400

Véndese

Tanque de frío ALFA LAVAL de 330 litros en perfecto estado.
Chamar ao 981 796 590

Véndese

-Circuíto de muxido de 3 puntos, marca WESFALIA.
-Tanque de frío en bo estado.
Chamar ao 981 790 331

Véndese

Motor de muxir GASCOIGNE con cubos. Pode con dous. Bañado en aceite. Prezo: 240 euros.
Preguntar por Ovidio no teléfono 686 596 260

Véndese

Autocargador picador da marca POTTINGER Europrofi 1.
Chamar aos números de teléfono 982 164 075 e 699 054 057

Véndese

Renault 5, en bo estado.
Preguntar por Antonio no teléfono 982 187 272

Véndese

Tolba de penso para tractor.
Chamar ao 650 158 948

Véndese

-Sala de muxir marca MAGNUS de 6 puntos con medidores electrónicos.
-Silo de penso de 6.000 quilos.
En Santa Comba. Chamar ao teléfono 981 895 168

Véndese

Casa en Piñor (Ourense). Ten curro, planta baixa e piso superior con tres habitacións e comedor, e unha casíña adicional que fai de cociña. Con eidos na zona. Seis familias de veciñanza. Bo acceso para coches, preto da N-525, a un quilómetro do centro urbano. 30.000 euros, negociables.
Chamar ao 649 463 730

Véndese

Trigo do país e rolos de palla.
Preguntar por Manolo a partires das 9:30 da noite no 982 157 225

Véndese

Xovencas frisonas próximas ao parto, con carta.
Chamar ao 981 196 919

Véndese

-Renault 110 serie 54, con motor MWM.
-Same 110 Laser.
Ambos en estado impecábel, de importación e sen tintar.
Chamar ao 606 616 139

Véndese

Cuba de zurro de 6.000 litros con documentación.
Chamar ao 690 301 003

Véndese

Opel Kadett 1.7 Diesel, matrícula B-2554-JY por 1.000 euros. En Xermade (Lugo).
Chamar de 1:30 a 3 do mediodía, ou a partir das 9 da noite, ao teléfono 982 179 054

Véndese

Autocargador MAGAL, con descarga hidráulica, de 22 metros e 5 coitelas.
Chamar ao teléfono 982 160 266

Véndese

Cachorros de Bóxer, leonados e atigrados, con pedigrí. Excelente carácter. Na bisbarra de Compostela.
Chamar ao 616 033 013

Véndese

-Sala de muxido WESFALIA de 4 puntos.
-Tanque de frío de 830 litros.
Chamar ao teléfono 680 744 717

Véndese

Circuíto de muxido ALFA LAVAL de 5 puntos.
Motoserra FOLUX 160.
Todo en bo estado e a bo prezo.
Chamar ao 982 140 956

Véndese

Circuíto de tres puntos.
Autocargador JB de 22 metros, seminovo.
Frío de 1.050 litros.
Chamar ao 986 684 218

Véndese

Plantas de mirabel xa enxertadas, con poda de formación e con instrucións de cultivo. Prezo: 6'50 euros / planta. Prezo negociable para cantidades maiores de 25.
Chamar ao teléfono 619 292 931 ou ó 619 292 932

Véndese

2 cans das vacas: un pastor alemán de 1 ano, e un pastor belga cruzado de 8 meses. En Abadín (Lugo).
Chamar ao teléfono 637 789 191 despois das 18:00 horas.

Véndese

-Tractor JOHN DEERE 2.850 con pa (seminovo).
-Tractor JOHN DEERE 2.650 con dobre tracción, 1 remolque, rastrillos de varios modelos, 1 sulfadora e 1 segadora.
Chamar ao 982 153 182 ou ao 676 704 434

Véndese

Palla en pacas pequenas.
Preguntar por Xulio no teléfono 677 484 662

Véndese

Segadora de tractor de peite (para toxo e herba).
Preguntar por Paco no teléfono 981 196 114

Véndese

-Segadora rotativa POTTINGER modelo CAT 1'90 PLUS con acondicionadora.
-Carro mesturador FRASTO modelo flaco de 13 metros.
Chamar ao 630 883 662

Véndese

23 vacas de carne, inscritas en Acruga.
Chamar ao 982 162 753

Véndese

Sala de muxido MANOVAC de 3 puntos. Medidores volumétricos.
Chamar pola noite aos tfños. 982 152 347 e 650 226 545

Véndese

2 carros espaxexedores de esterco seminovos, espallador de herba, grade de 3 corpos, e outros apeiros. En Touro (A Coruña).
Chamar ao teléfono 981 517 414 ou ó 981 517 084

Véndese

Fresadora en bo estado marca AGRATOR. 1'80 de traballo.
Preguntar por Xosé no teléfono 982 160 057

Véndese

Centeo.
Preguntar por Mario no teléfono 986 699 565 ou ó 656 922 581

Véndese

Tanque de frío de 735 litros.
Circuíto de muxido WESFALIA. En bo estado
Chamar ao 981 790 331

Véndese

-Sala de muxido de 4 puntos con 4 medidores.
-Tanque de frío de 530 litros.
-Silo de herba de fosa.
-Herba seca.
-Un autocargador.
-Un espaxexedor de silo.
Chamar ao 981 788 386

Véndese

Lote de 15 xovencas, boa xenética, con carta. Por peche de explotación.
Chamar ao 608 879 938

Véndese

Bomba de muxido seminova, marca WESFALIA, trifásica, de 800 litros, ampliábel a 1.200 litros.
Preguntar por Miguel no teléfono 666 667 445

Véndese

4 tractores:
-RENAULT modelo Ares 720, de 170 CV, 3.500 horas de traballo, cor laranxa.
-RENAULT modelo Femis 610 RZ de 115 CV, 1.500 horas de traballo.
-RENAULT modelo Ceres de 85 CV e 7.900 horas de traballo.
-PASQUALI de 60 CV e 550 horas de traballo
-Trituradora forestal de 2'30 metros de ancho de traballo
Todo en perfecto estado; por cese de actividade.
Chamar ao 981 786 250.

Véndese

Rolos de herba seca.
Chamar ao 981 681 103

Véndese

-Pa TENIAS acoplada a tractor MASSEY FERGUSON
-Motobomba de rego e tubos.
Preguntar por Xosé Manuel no teléfono 981 896 668

Véndese

Cachorros de Pastor Alemán. De exposición, garda e compañía. Con pedigree. Tatuados Real CEPPIA.
Chamar ao 982 528 196 ou ao 680 745 446

Véndese

Ford Scort 1.6 Diesel, en bo uso
Chamar ao 982 441 370

Véndese

Coche Renault 21 GTD, con aire acondicionado. En bo estado.
Chamar ao 639 845 328

Véndese

Xovencas frisonas con carta. A Pastoriza (Lugo).
Chamar ao 667 877 125

Véndese

Por peche de explotación leiteira:
-Cisterna CARRUXO de 10.000 litros, con eixe birideccional, acelerador con carga, ballestas. Pendente de matricular.
-Sala de muxido ALFA LAVAL de 6 puntos, con medidores volumétricos e programador de lavado.
Chamar ao 608 879 938

Véndese

Invernadoiro de 1.000 m2 en Pontearreas, comarca do Condado.
Preguntar por Dani no teléfono 657 844 252

Véndese

Empacadora JOHN DEERE.
Chamar ao 659 659 418

Véndese

6 ovellas do país.
Chamar ao 981 690 499

COMPRAS

Mércase

Espaxexedor estendedor de silo.
Preguntar por Raúl no teléfono 981 842 716

Mércase

Silo de penso, dividido e cunha capacidade entre 8.000 e 10.000 quilos.
Interesad@s chamar ao teléfono 982 314 397

OUTROS

Alúgase

Nave.
Chamar ao 982 813 246

Precisase

Persoa para traballar en explotación de leite de Guitiriz. Valorarase experiencia. Debe ter carné de conducir.
Chamar ao 982 153 367

Arréndanse

Fincas por abandono da cota láctea. 10 hectáreas con cortes para 30 vacas e galpóns, corte para a cría de xovencas con capacidade para 10 animais, e sala de muxido. Tamén se pode arrendar unha vivenda.
Chamar ao número de teléfono 686 084 461

Búscase

Tractor Ebro 160 para aproveitar motor en bo estado.
Preguntar por Xabier no teléfono 686 963 706

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitanse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.



Francisco Alonso Fernández, membro da Dirección Nacional do SLG

A idade de Francisco Alonso Fernández, 54 anos, fai que sexa unha boa testemuña da evolución do sector vitivinícola d'O Ribeiro. Aínda que hoxe está xubilado, traballou os viñedos familiares do seu Castrelo de Miño natal -na parroquia de Santa María-, elaborou viño, e serviullo aos seareiros do bar d'O Morto, toda unha institución en Ribadavia. Agora, máis centrado no traballo sindical, forma parte da Dirección Nacional do Sindicato Labrego e da Directiva do Viño, tras traballar oito anos na Permanente da organización.

“Temos a esperanza de acadar un contrato homologado nas vindeiras reunións do viño”

■ Vostede foi testemuña da evolución d'O Ribeiro. Nun resume rápido, ¿como foi esa evolución?

Cando entrei no sindicato, hai uns vinte anos, a importancia do sector vitícola era mínima. Daquela, o SLG tivo moita incidencia no Ribeiro con campañas como a do matute.

Polo que respecta á denominación, vai cumprir 75 anos, e mantén un regulamento de comezos dos setenta. A DO tivo moita importancia, con exportacións ao Reino Unido e ao continente europeo. Despois deu un baixón e, ata hai pouco, o noso prestixio pasou por un intre difícil. A razón foi que o comercio pedía moito Ribeiro, houbo máis demanda que oferta, e cometeuse o erro de apostar por producir moita cantidade en detrimento da calidade. Ademais, fóra vendéronse como viños d'O Ribeiro caldos que non eran de aquí. Isto hoxe segue a ser un lastre.

■ Indo ao presente, ¿como foi a vendima deste ano no Ribeiro?

En canto a cantidade, houbo un 10% máis có ano pasado, entre 18 e 20 millóns

de quilos. Respecto da calidade, hai datos obxectivos que nos indican que esta foi unha vendima moi san.

Polo demais, foi unha vendima tranquila. A relación entre adegas e viticultores, a pesares do acordo desta campaña, é mala. Houbo cumprimento por parte das adegas no que se refire á recollida da uva; pero no compromiso do prezo e das datas de pago, hase ver. No Ribeiro levamos aturando nas últimas campañas as prácticas de adegas que pagan a colleita vencida.

■ ¿E como está o tema dos prezos?

Aquí chegou a haber ata catro contratos homologados por cuatrienios, é dicir, durante dezaseis anos. Baixo contrato vendíase pouca cantidade de uva, pero servía como referente. Mesmo as adegas que non se acollían ao contrato homologado, ían pagando con esa referencia. Desde que se rematou cos contratos, vai agora para catro anos, algunhas adegas din que pagarán a como paguen os outros, o cal remata sendo unha miseria. Houbo adegas que, na campaña pasada,



Francisco Alonso traballou, ata hai pouco, os viñedos herdados da súa familia na parroquia de Santa María, en Castrelo

pagaron as uvas de hai dous anos a 18 céntimos, e así non se pode producir.

Agora temos esperanzas de que as reunións sigan

realizándose para acadar, na seguinte campaña, un contrato homologado ou a constitución dunha interprofesional.

“A quen acudiu ao Sindicato Labrego buscando axuda, colocámoslle toda a uva”

■ ¿Cal foi a actuación do SLG nesta vendima?

O SLG participou activamente nas mesas que a Consellería de Medio Rural organizou, tanto a nivel nacional como nas distintas denominacións. Facía tres ou catro anos que estes encontros non eran posibles, a pesares de que o Sindicato Labrego reclamounos en todas as campañas. O SLG, con anterioridade a estas reunións, convocou asembleas para acadar a opinión e as demandas dos produtores, tanto no que se refire ás condicións de recollida coma nos prezos. Tamén se celebrou unha xuntanza da Dirección Nacional do Viño na que se acordaron as liñas mestras das reivindicacións para a presente vendima en toda Galiza. Despois, ese acordo ratificouse nunha asemblea cos produtores.

Dedicámonos a informar todo o que puidemos aos viticultores. A través da delegación de Medio Rural tamén chegamos a acordos para que buscasen compradores para a uva a quen non a dese vendido. Podemos dicir que a toda a xente que acudiu buscando axuda ao Sindicato Labrego con problemas de venda, colocóuselle a uva.

■ ¿Cales van ser as liñas de traballo do SLG na presente campaña no Ribeiro?

Na mesa de negociación prometimos traballar para acadar a firma dun contrato homologado. Creo que sería positivo para todos. O Ribeiro necesita saber cara a onde vai, e a xente das adegas tamén necesita saber se hai castes autóctonas ou se non, se cómpre plantar máis, etcétera. Para acadar isto, debemos decidir todos cara a onde vai O Ribeiro

“O Ribeiro é a xente que se dedica á viticultura; sen ela, non habería Ribeiro”

■ ¿Como ve o futuro?

O futuro n'O Ribeiro é moi prometedor grazas á incorporación de mozos e mozas, e á constitución de novas cooperativas. Creo que temos moitas posibilidades, porque segue a haber xente que cre n'O Ribeiro, e iso é fundamental. O Ribeiro son os viticultores; sen viticultores, non hai Ribeiro. As adegas son necesarias, pois hai viticultores que non elaboran viño, pero a liña que deberíamos seguir aquí é que cada día fosen menos necesarias as adegas elaboradoras.

Unha tendencia que se está a seguir n'O Ribeiro con grande éxito é do colleiteiro. A figura do colleiteiro, que elabora viño a partir dunha produción propia, está prestixiada porque se deron uns primeiros pasos e unha

aposta cara a unha calidade alta, aínda que hai de todo.

■ ¿Cales pensa que deberían ser as actuacións prioritarias da Administración nesta DO?

O Ribeiro sempre foi complicado, e vai seguilo sendo para a Administración. Eu creo que unha das medidas a curto prazo debería ser unha ordenación do territorio. Neste intre temos zonas que están abandonadas, zonas moi aptas para viticultura invadidas por plantacións forestais. Moitas deixáronse pola dificultade dos accesos, que imposibilitaba a introdución de maquinaria, o transporte de abonos, ou a colleita da uva. Estas terras fóronse abandonando para traballar outras máis doadas.

Tamén habería que meterlle man ao

Consello Regulador. No tema do control non é un desastre, aínda que se podería facer mellor. Pero si habería que incidir na promoción. Deberíase facer unha campaña forte e agresiva de cara aos consumidores para acceder a un mercado que non está ben cuberto. En canto ao regulamento, houbo múltiples intentos de reforma que se quedaron curtos, e cómpre actualizar as cifras sobre produción e regular as eleccións ao consello.

Polo demais, a Consellería de Medio Rural pode facer moitas cousas. Pensemos que n'O Ribeiro aínda se está a facer a primeira concentración parcelaria, e aínda non rematou. Outro tema que debe abordar con seriedade a Consellería é o do rexistro vitivinícola, que é un *cachondeo*.